33. Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.
 - Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.
 - A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.
 - Ademais da cartelería “oficial” enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia.”.
 - Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.
 - Para acceder aos baños colocarase unha pica á porta de cada aula indicando que os aseos están ocupados. O docente para dar permiso de acudir a aseos, antes debe fixarse na porta do grupo do lado para asegurarse de que os baños non están ocupados, evitando así acudir dous alumnos simultaneamente.
- Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.

34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

O centro non dispón de servizo de transporte escolar.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

- **ENTRADAS:** 1 membro do equipo directivo e /ou do EQUIPO COVID organizará as entradas. Haberá dous docentes en cada porta de Primaria. Ademais do porteiro vixiante que estará no portalón controlando o acceso e velando polo alumnado que chega tarde para que pase coas familias por secretaría. En Infantil, serán recollidos polas titoras.
- **TEMPO DE LECER:**
 - 1ª QUENDA (de 10.40 a 11.20) 3 docentes para Educación Infantil. PATIO DE CÉSPEDE ENTRE O EDIFICIO NORTE E SUR.
 - 2ª QUENDA: (de 11,30 a 12.00) 3 docentes para Educación Primaria). PATIO DE CÉSPEDE POSTERIOS AO EDIFICIO SUR E PATIO CUBERTO.
- **SAÍDAS:** Coordinadas polas persoas do equipo COVID na medida do posible.

Id.

Medidas en relación coas familias e ANPA



36.	Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)
<p>- O acceso do alumnado ao servizo de madrugadores será similar ao realizado en cursos anteriores. Accederán á dependencia pola porta da rúa Martín Echegaray.</p> <p>- O monitor que realiza o servizo deberá presentar o seu protocolo.</p> <ul style="list-style-type: none">• O alumnado deberá lavar as mans con auga e xabón á entrada e saída ou desinfectar con hidroxel.• Lembrarase ao alumnado os protocolos de hixiene e contacto social.• Deberá manter os grupos estables de convivencia do centro, diferenciando zonas para cada un deles, (as mesmas que se empreguen para o comedor). Entre cada grupo deberá existir a maior distancia posible. <p>- O alumnado de Educación Primaria accederá ás aulas ás 8.50 horas pola porta correspondente, controlado polo profesorado de garda, despois de ser entregado polo monitor.</p> <p>- O alumnado de Infantil accederá ás aulas ás 9.05 horas pola porta correspondente, despois de ser entregado polo monitor ás titoras.</p> <p>- O persoal do plan madruga debe deixar todo recollido para facilitar as tarefas de limpeza e desinfección.</p> <p>- Rematado o servizo o persoal de limpeza realizará a limpeza e desinfección do espazo empregado para ser utilizado á hora do comedor.</p>	

37.	Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)
<p>- Permítese mesturar grupos ou aulas en actividades extraescolares tanto ao aire libre como en interiores, garantindo o resto de medidas de prevención e priorizando, cando sexa posible, as actividades ao aire libre.</p> <p>- Haberá dous días de actividades extraescolares (martes e venres) cun docente de garda no centro.</p> <p>- Polas tardes non haberá servizo de Biblioteca durante o que resta de curso.</p> <p>- O uso de dependencias do centro para actividades culturais e deportivas de diferentes clubs estará permitido sempre e cando esté de acordo o Consello Escolar (previa solicitude, protocolo e seguro de responsabilidade civil) e despois de ser aprobado o uso das instalacións pola Xefatura Territorial de Educación.</p>	

38.	Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
<p>--ANPA</p> <ul style="list-style-type: none">• Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial empregando o seu local habitual. Será preciso realizar tarefas de desinfección e ventilación pertinentes despois das reunións.• Reunións xerais da ANPA: estas reunións poderanse realizar de xeito presencial, terían	



lugar no patio cuberto primaria ou en calquer local solicitado previamente ao centro ,
garantindo a distancia e respectando as medidas preventivas oportunas.

- Reunións coa dirección do centro con cita previa ou a petición do centro. Levaranse a cabo no seu local ou en dirección.
- Emprego do seu local para atención a familias no seu horario habitual, fixado pola Asociación.

-- CONSELLO ESCOLAR

Os Consellos Escolares celebráranse de xeito telemático (Cisco Webex) ata rematar este curso.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

As titorías levaranse a cabo os martes de 16.00 a 17.00 h, do seguinte xeito:

- **Emprego diario da axenda escolar de todas as titorías de Infantil e Primaria.**
- A través do email de cada titor/a (opción preferente).
- Emprego da aplicación Abalar Móbil.
- Empregando o teléfono (opcional de cada docente).
- Virtual a través da plataforma Cisco Webex.

-Tamén se permiten reunións de titoría individual coas familias en espazos interiores ben ventilados (ou ben ao aire libre), cumprindo sempre coas medidas de protección e hixiene que estean vixentes en cada momento.

En todos os casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles (email, abalarmóbil, axenda do alumnado, teléfono o,...

40. Normas para a realización de eventos

-As excursións, visitas e traballos de campo no exterior do centro educativo forman parte da dinámica do curso escolar e contribúen a cubrir obxectivos didácticos aula, a xerar cohesión grupal, benestar emocional e a establecer vínculos entre iguais e persoas alleas á comunidade educativa.

-Cando sexa posible para os obxectivos da actividade primaranse os desprazamentos activos no contorno cercano, o que supón ademais, unha actividade saudable. Se se fai uso do transporte público seguiranse as normas específicas determinadas para este tipo de transporte.

-No caso de visitas a museos, cines, teatros, etc, seguiranse as medidas preventivas establecidas polo lugar que se visite.

-Nas actividades complementarias que se desenvolvan no centro educativo poderán acudir persoas externas ao mesmo, sempre que manteñan as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde establecidas.

- Para a celebración de actos de graduación, de fin de curso ou outro tipo de eventos sociais ou culturais que poidan ter lugar no centro educativo e no contexto da súa actividade, atenderanse as medidas de prevención fronte a Covid-19 existentes para eventos culturais na comunidade autónoma.

-No caso de saídas con pernocta esta poderá organizarse en GCE e, naqueles cursos non organizados por GCE estableceranse subgrupos fixos para a pernocta.

Id.

Medidas para o alumnado transportado



41.	Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)
Non contamos con este servizo.	

Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

42.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)
<p>Estes datos serán incluídos no momento que se coñeza o número de usuarios.</p> <p>- O alumnado entrará no comedor, ocupando o espazo correspondente ao seu GEC e o sitio asignado para todo o curso:</p> <p>13.55 h: Infantil.</p> <p>14.00 h: Primaria.</p> <p>- O alumnado terá un posto fixo na dependencia do comedor, tanto para o uso do comedor como para a aula matinal, ata o remate do curso.</p> <p>-É necesario manter o reforzo das medidas de prevención, tanto na limitación de contactos no comedor escolar como na distancia interpersoal e a ventilación. Os comedores, e os espazos alternativos habilitados para as comidas, permitirán a distancia interpersoal de 1,5 m (flexible a 1,2m), salvo no caso de pertencer a un mesmo GCE, en cuxo caso esta distancia será aplicable entre GCE. Maximizarase a ventilación, intensificándoa de maneira especial entre quendas (se as houber).</p> <p>-O cepillado de dentes ao remate do servizo de comedor é un hábito saudable que debe fomentarse nos comedores escolares.</p> <p>- Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo estable de convivencia.</p> <p>- Ao rematar a comida, sairán escalonadamente e o alumnado deberá permanecer no seu sitio ata que sexan recollidos.</p> <p>- No caso de saír ao patio deberán facelo mantendo a continuidade do grupo de convivencia.</p> <p>- Para lavar as mans empregarase o lavabo do comedor.</p> <p>- O uso dos aseos deberá ser vixiado polos coidadores do comedor, limitando o seu uso a un usuario de cada vez.</p>	

43.	Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)
Estes datos serán incluídos no momento que se coñeza o número de usuarios (recollidos no protocolo de comedor e aula matinal).	

44.	Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)
Non procede por non contar con cociña.	



Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
45.	<p>Aulas especiais, ximnasiais, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasiais, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)</p> <p>Empregaranse todas as dependencias do centro, sempre que o desenvolvemento de actividades así o requira: laboratorio, biblioteca, aulas de plástica, música, Relixión e inglés, parque vial e patios</p> <p>Tamén se fará uso do ximnasio e patio cuberto para o horario establecido de EF, así como da aula de psicomotricidade para infantil.</p> <p>Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse, sempre que sexa posible, ao aire libre e de acordo ás mesmas condicións que os seus homólogos comunitarios.</p> <p>En todas as dependencias se cumprirá coas medidas de protección e hixiene que estean vixentes en cada momento.</p>
46.	<p>Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)</p> <p>Cada grupo estable de convivencia acudirá en dúas sesións continuas no mesmo día ao ximnasio para recibir as clases de EF, deste xeito só acude cada día da semana a esta dependencia un grupo estable, agás algún día que acoden dous/tres grupos distanciados en sesións para dar tempo a ventilar e desinfectar.</p> <p>O alumnado recibirá unhas nocións de educación para a saúde (hixiene) e a continuación baixarán respectando as normas de circulación polo centro.</p> <ul style="list-style-type: none">• No ximnasio, disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.
47.	<p>Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)</p> <p>-Os cambios de aula faranse de xeito ordenado, sempre circulando pola dereita dos corredores.</p> <p>-Evitarase na medida do posible coincidir ao mesmo tempo varios grupos nos corredores. Se é así, farase de xeito ordenado.</p> <p>-Todas as aulas seguirán o mesmo protocolo para a ventilación. As aulas específicas sempre serán ventiladas ao remate da docencia con cada grupo.</p>
48.	<p>Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)</p>



**O uso da biblioteca está restrinxido durante este curso por mor das obras.
Todas as titorías teñen unha hora asignada para acudir á mesma.
Os prestamos faranse dende a biblioteca distribuída de aula.
Tamén se empregará este espazo para actos ou actividades de centro.
Continuarase co plan de traballo elaborado a inicio de curso polo equipo de biblioteca,
respectando as medidas hixiénicas en vixencia.**

49. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

Os aseos do centro quedan distribuídos do seguinte xeito:

- Edificio Norte:

- Planta baixa:
 - Aseo entre cuarto de limpeza e sala de profesorado: uso persoal non docente e persoal externo.
 - Aseo da zona de administración: equipo directivo e profesorado de Primaria (titores/as).
- Primeira planta: ANEAE.
- Segunda planta: 5º e 6º de Primaria.

- Edificio Sur:

- Planta baixa:
 - Aseo entre cuarto de limpeza e aula de Infantil: alumnado de Infantil.
 - Aseo da zona de orientación: equipo de orientación, profesorado de Infantil (titoras) e profesorado especialista.
- Primeira planta: 1º e 2º de Primaria.
- Segunda planta: 3º e 4º de Primaria.

Cada grupo só empregará o inodoro que lle está adxudicado. Hai catro en cada planta (dous para cada nivel separados por sexos).

- O alumnado só empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.

- O profesorado tentará cumprir estritamente esta norma durante toda a xornada lectiva: durante as clases, antes e despois do recreo, entradas e saídas,...

- Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.

- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

- A limitación de aforo para os baños será a un usuario. Para acceder a eles colocase unha pica á porta de cada aula indicando que os aseos están ocupados. O docente para dar permiso de acudir a aseos, antes debe fixarse na porta do grupo do lado para asegurarse de que os baños están libres, evitando así acudir dous alumnos simultaneamente. Como excepción os aseos do ximnasio contan cun aforo de 2 usuarios.

- No caso de infantil detallamos o seu uso no apartado correspondente (52.metodoloxía e uso de baños)



Id.	Medidas especiais para os recreos
-----	-----------------------------------

50. **Horarios e espazos** (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

- Crearanse 2 zonas diferenciadas que garantan que cada etapa teña un espazo de recreo:

- ZONA 1 (INFANTIL): patio de céspede artificial cuberto entre edificios Norte e Sur.
- ZONA 2 (PRIMARIA): patio de céspede artificial descuberto e patio cuberto (zona posterior do edificio Sur).

- Realizaranse dúas quendas de recreo:

- 1ª QUENDA de 10:40h a 11:20h – Educación Infantil
- 2ª QUENDA de 11:30h a 12.00h – Educación Primaria

-Uns minutos antes de sonar o timbre, o profesorado que imparta docencia despois do tempo de lecer acercárase á zona onde cada titoría vai organizar a súa fila para subir ordenadamente.

- Para regresar á aula farano en fila seguindo ao docente que os guiará á súa porta de entrada e á clase. Sempre entrará primeiro o alumnado de niveis superiores en caso de coincidir na mesma zona de patios ou pola mesma porta.

- Durante o tempo de lecer non se deben utilizar os aseos, facendo uso dos mesmos antes do recreo ou ao remate do mesmo.

- ZONAS DE FILAS:
- INFANTIL: diante da PNS.
- PRIMARIA: patio cuberto.
 - o Colocarase cerca da zona próxima ao ximnasio, comezando polos cursos superiores (6º, 5º, 4º de Primaria).
 - o No centro da pista, seguindo os niveis 3º, 2º e 1º de Primaria.
 - o Para acceder ao centro farano simultaneamente un grupo de cada porta (6º e 3º, 5º e 2º, 4º e 1º).

51. **Profesorado de vixilancia** (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

- Establécense quendas de vixilancia de profesorado seguindo a ratio oficial.

- Habereá profesorado de garda para realizar substitución en cada quenda e etapa educativa en caso de ser preciso.

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous
-----	--



primeiros cursos de primaria

52. Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

- Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidro alcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión.

- Dentro da aula, cada alumno poderá ocupar calqueira espazo segundo indicacións do profesorado, de xeito individual, parellas ou grupos.

- Os baños serán usados de xeito individual como se estableceu para este curso. Para o alumnado inmunodeprimido favorecerase o uso do baño adicado o alumnado con NEAE

- Nos recreos reforzarse a vixilancia, procurando evitar o contacto.

-Os elementos de xogo como tobogáns poderán ser empregados.

53. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Actividades

Usarán materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados ao grupo de idade. Non se poderán empregar xoguetes traídos da casa nin sacar material da aula.

Na zonas de céspede poderán usar os tobogáns.

Algúns dos xogos que poden propoñerse os nen@s na súa zona de xogo: rayuela, sigue a liña ou as pegadas, tres en raia, bailes, xoaniña, as agachadas, comba, mariola,... Continuaremos cos patios inclusivos os martes e xoves.

Merenda

A merenda será individual, e realizarase no patio durante o tempo de lecer.

Os nenos e nenas traerán da casa a merenda na mochila dentro dun taper ou bolsa de tea un mantel e traerán auga nunha botella co seu nome.

Os aniversarios poderanse celebrar como estipule cada titoría ou equipos de nivel.

Id.

Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres



54.	Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)
------------	---

Ordenadores de aula e informática:

• **Todas as aulas dispoñen dun equipo informático para uso do profesorado. En caso de ser empregado polo alumnado para calquera actividade, corresponde ao profesorado organizar as quendas de uso e garantir a limpeza do rato e teclado despois do seu emprego. Recoméndase a creación de dous usuarios, un para o mestre/a e outro para o alumnado.**

Id.	Medidas específicas para alumnado de NEE
------------	---

55.	Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)
------------	---

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso voluntario das máscaras dentro e fóra da aula.

- Poderanse utilizar as aulas de PT e AL, seguindo o protocolo de todas as aulas e sobre todo facendo fincapé na ventilación entre cada sesión.

- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.*

- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

56.	Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)
------------	--

* Pendente de elaboración, en versións máis avanzadas deste documento aparecerán detalladas as medidas e tarefas. (Equipo de orientación).

Id.	Previsións específicas para o profesorado
------------	--

57.	Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que
------------	--



sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

SALA DE PROFESORADO

- Na entrada existe un dispensador de xel hidroalcohólico e material para desinfección ao usar or ordenadores.
- Manter as ventás abertas todo o tempo que sexa posible.
- A disposición das mesas é de gran grupo. Á hora de reunirse presencialmente farase respectando as medidas vixentes en cada momento (distancia, ventilación,...)
- Cada quen ten asinada unha taquilla onde gardará os obxectos persoais, evitando usar a mesa para obxectos persoais, fotocopias, libros,... Cando se utilice a mesa para algún traballo, despois de rematar haberá que limpar a superficie empregada.
- Poderase compartir material (lapis, bolígrafos, rotuladores, goma, afialapis, grampadora, plastificadora, taladradora, guillotina, máquina de café, fotocopidora...) haberá que limpalo cando se remate e gardalo.
- **No caso dos ordenadores, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. Limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla co produto desinfectante que estará na sala (se é posible plastificaranse os teclados para facilitar a súa limpeza e non danalos). Ao rematar os panos desbotables irán na papeleira con pedal. Tamén se limpará a superficie da mesa.**
- Tamén se poderán empregar ordenadores da biblioteca para traballo persoal, evitando así as aglomeracións na sala.
- O teléfono e telefonillo. Tamén se limparán unha vez utilizados.
- Haberá cartelería que recorde as normas e consellos.
- A papeleira de pedal debe quedar ben cerrada despois do uso.

DIRECCIÓN/SECRETARÍA

- Antes de acceder haberá que limpase as mans.
- As persoas alleas ao centro é aconsellable que accedan con cita previa ou por indicación dos membros do equipo directivo.
- Cando algún persoal do centro empregue algún elemento deste espazo (telefonillo, fotocopidora, teléfono...) deberá limpalo despois do seu uso.

REUNIÓN

- Poderán manterse nesta sala, as reunións de pequenos equipos (Equipos Docentes, Equipos de Traballo, etc.)
- Os Claustros celebraranse de xeito presencial na sala de profesorado.
- Os Consellos Escolares (no que resta deste curso) celebraranse por vía telemática, poderán levarse a cabo na sala de profesorado pequenas reunións puntuais.
- As reunións de niveis levaranse a cabo na aula da persoa coordinadora ou responsable, mantendo sempre a distancia e normas de hixiene.
- **Outras reunións: Equipo de Biblioteca nesta dependencia, Equipo Tic en aula de informática, EDLG na sala de profesorado, EACE na aula da persoa coordinadora.**
- As titorías coas familias, en caso de ser presenciais levaranse a cabo na aula correspondente, respectando as normas.
- O despacho de orientación poderá recibir a familias ou persoal de apoio externo, sempre con cita previa do docente que desempeña a orientación, sendo coñecedor o equipo directivo. Este



despacho está dotado dunha mampara.

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Reflectido no punto 57 e anteriores.

Id.

Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

- **Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19, Educación para a Saúde.**

60. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

- Empregaranse todas as canles de comunicación reflectidas en puntos anteriores deste protocolo para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.

- Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as TIC (web do centro, blogs, email,.....) como quedou demostrado ao longo dos cursos anteriores.

- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs será o responsable do traballo de actualización (CREACIÓN DE NOVOS CURSOS) e mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe aínda non está actualizada. A medida que avance o tempo, e canto antes, o Claustro reciclarase na formación en aula virtual para poder poñela en funcionamento tanto en Infantil como en Primaria no comezo deste curso en caso de iniciarse a actividade lectiva non presencial.

Para esta cuestión faise precisa a colaboración de todo o profesorado implicado.

Unha vez posta en marcha a aula virtual tamén se empregará como recurso complementario á actividade lectiva presencial.

- O resto de funcións (comunicación coa UAC, velar polo mantemento e funcionamento de equipos informáticos, inventariar o material TIC, asesorar ao profesorado, divulgar accións de formación, clasificación de fotos de actividades,...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs, polo que non supón ningún cambio respecto ao curso anterior.



--

62.	Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)
- O equipo COVID, equipo directivo e compoñentes dos órganos colexiados elaboran este PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID PARA O CURSO 21-22. Será adaptado segundo as novas intruccións ou publicación de novos protocolos.	

63.	Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)
Este plan será aprobado pola Dirección do centro en colaboración co Equipo COVID e informado o Claustro e Consello Escolar vía email. Será publicado na páxina web do centro e comunicado ás familias por ABALARMÓBIL e dende o email das titorías. Foi adaptado segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022 VERSIÓN 20/05/2022. Reúnese o Equipo COVID o luns 23 de maio para proceder á súa actualización. Foi aprobado pola dirección do centro e comunicado ao Claustro de profesorado e aos membros do Consello Escolar por email o martes 24 de maio. Entrará en vixencia o XOVES 26 DE MAIO..	

ANEXOS A ESTE PLAN

ANEXO II – CONTROL LIMPEZA ASEOS

ANEXO III – CONTROL VENTILACIÓN AULA

ANEXO IV - COMPROMISO PARA REALIZACIÓN DA AUTO ENQUISA DIARIA COVID-19



ANEXO IV - MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE 21-22

D./D^a _____, con
DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____de Educación _____, do centro educativo

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

ASDO. _____
